

# ELPROGRESO

A CHAIRA  
EN PRIMEIRA PERSOA

## **Xurxo Alonso: "Este poemario ilustraríao 'Sendeiros de gloria'"**

Pinto e escribo. O poeta pinta porque quere ver as imaxes que soña. O pintor escribe para saber. Nunca sei o que vou escribir. Ao facelo adéntrome nun territorio descoñecido, como alguén que intenta lembrar un soño. Considero a poesía un agasallo que me veu visitar, como lle ocorreu a Milosz



Alonso. EP

CRISTINA PÉREZ

29/AGO./23 **ACTUALIZADO:** 29/AGO./23 - 22:56

**Cun pouco máis de repouso sobre a impresión inicial, que sensación deixa nun o gañar o XLIX Certame Literario de Vilalba, que recollerá este mércores 30 no auditorio municipal (19.00 horas)?**

Síntome moi honrado polo premio, por suposto, e cun profundo agradecemento aos membros do xurado pola confianza posta nestas *Cartas de Conxo*.

**Que recompensa é mellor para o escritor, os 7.000 euros cos que está dotado este premio ou a publicación da obra?**

O pracer dun escritor está en escribir, non en publicar. Cada libro de poesía ten unha tirada media de 500 exemplares. Os dereitos de autor por cada título poden supoñer, no mellor dos casos, 300 euros. Comprenderá vostede que este escritor, despois de nove libros no mercado, se tivese que escoller, prefire a dotación económica por riba da publicación.

Este escritor, despois de nove libros no mercado, se tivese que escoller, prefire a dotación económica por riba da publicación"

**Acumula xa uns cantos galardóns en concursos literarios, que o move para presentarse a este tipo de convocatorias?**

Caballero Bonald dicía que os motivos que o levaban a presentarse a premios ao longo da súa carreira foron tres: por vaidade persoal, por estímulos económicos e por coxuntura editorial, unha apetencia, unha necesidade de publicar. A vaidade persoal para un escritor é coma o valor ao soldado, hai que supoñerllo. Pero hai que mantelo a raia. Moito valor pode matarte. Os outros dous motivos sempre están aí e ás veces un pesa máis ca outro.

**Que función cumpren estes certames?**

Son moi necesarios para aumentar o número de creadores que poidan dedicar máis tempo á escrita, e para que ao fin, o galego teña un corpus literario máis amplo. Aquí cobra razón unha divisa do surrealismo, a frase célebre de Lautréamont: "Golpe a golpe, revelación a revelación, é como a poesía se está a facer por todos". Todos os poetas importan, non só os bos. Todos importamos. Todos podemos aprender de todos.

**Ao recibir a chamada dun novo premio, matense aínda a emoción daquel primeiro recoñecemento hai xa máis de 20 anos?**

Antes era unha emoción ilusionante, que abría expectativas, agora é unha emoción máis madura, que axuda a consolidar unha traxectoria.

**O xurado elixiu 'Cartas de Conxo' por unanimidade, que cre que viron na súa obra? E que lle gustaría a vostede que visen eles e os lectores?**

A primeira parte da pregunta habería que facerlla ao xurado. A min gustaríame que encadrasen o poemario na definición de poesía que fai Coleridge: "As mellores palabras na mellor orde".

**O poemario viaxa á Guerra Civil, hai poesía nun conflito bélico?**

Calquera situación humana pode ser procesada literariamente e sacar dela elementos líricos que a logren converter en material poético. Hai xusto 20 anos escribín un libro, *Cidades de area*, sobre a guerra de Irak, e hai pouco outro, *As vaidosas agonías*, sobre a pandemia e o confinamento. As situacións críticas tamén teñen unha parte para que entre a luz poética.

**Conta cunha dilatada traxectoria como pintor, como visualiza o cadro que ilustraría este poemario?**

A miña imaxinación é visual. Busco o poema coa mirada. Pero neste caso, a pintura non deixa de ser unha foto fixa. Penso que o ilustraría máis ben unha película en branco e negro, *Sendeiros de gloria*, de Kubrick, un grito contra a inxustiza da guerra.

**As misivas ás que alude o título asínanas as irmás Távora, canto de realidade e canto de ficción hai nas mestras Áurea e Lecia?**

Áurea e Lecia son ficción, pero é certo que houbo mestres encerrados en Conxo polas súas ideas políticas durante a guerra e a posguerra e tamén son certos os feitos que se relatan en catro ou cinco poemas. Só os nomes dos protagonistas son ficticios.

**O de escribir cartas é unha arte en desuso, vostede segue a facelo? E se é así, a quen llas envía?**

Á miña muller, Mariló. Sempre gostei de ler epistolarios, as cartas de Unamuno, que escribiu máis de 3.000, as que aparecen en *Memorias de ultratumbra*, de Chateaubriand, e Freud ou Pessoa, de quen tirei algunhas frases, coma a que lle dixo ao seu amigo escritor e diplomático Ronald de Carvalho: "Esixa de si o que non poderá facer. Non é outro o camiño da beleza". O meu lema preferido.

**E de quen lle gustaría recibir unha?**

De Deus, pero pode que non saiba escribir, se non, xa se tería pronunciado.